

ID#96

Torés – As Nogais, 1979-03-23

Informante: Sr. Amable et al.

Compilador: Xosé Luís Rivas

Transcripción: Sergio de la Ossa (2012-12-21)

6 (5) 7 1 / (VII) 1 VII-7 6.6.6.6. / 2+6.2+6.



Museo do Pobo Galego



Instituto de estudos das identidades

♩ = 75

a) Es - cri - ba - mos to - dos

b) en un pa - pel blan - co

c) que mo - rreu a bu - rra

d) de Ma - nuel do Cam - po.

e) f) g) h)

Ai, si, de Ma - nuel do Cam - po!

i)

Ai, si, de Ma - nuel do Cam - po!

a) b) c) d) e)

2. 3. 2.5-9. 3. 9. 6. 7-8.

f) g) h) i)

9. 2. 4. 2. 2.4-5.9. 3-4.8.

Nota do transcritor: *As variantes simultáneas, que aparecen tanto na partitura principal como entre as variantes, non se escoitan sempre con claridade.*



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

- | | |
|--|--|
| <p>1. Escribamos todos
en un papel branco
que morreu a burra
de Manuel do Campo.</p> <p><i>Ai, si, de Manuel do Campo!</i>
<i>Ai, si, de Manuel do Campo!</i></p> <p>2. E Manuel do Campo
non sabía nada
qu'a pobre da burra
xa estaba matada.</p> <p><i>Ai, si, ...</i></p> <p>3. E dixo Dolores:
–Eu xa o sabía
se non fora ladroa
aínda non morría.</p> <p><i>Ai, si, ...</i></p> <p>4. –E aínda non morría
i eu alá non vou
que viña dos prados
dos de Pontorrou.</p> <p><i>Ai, si, ...</i></p> <p>5. –E morreu a burra
miña compañeira,
quen che me ha levar
e-ahora á feira?</p> | <p>6. –Ahora á feira
teño boas patas
quen che me ha traier
ahora as patacas?</p> <p><i>Ai, si, ...</i></p> <p>7. –Ahora as patacas
non me dan cuidado
pra trae-lo viño
levarein o carro.</p> <p><i>Ai, si, ...</i></p> <p>8. A burra, de morta
volveu a falar:
–Quen che traiga o viño
non che ha de faltar.</p> <p><i>Ai, si, ...</i></p> <p>9. Recachou o rabo
regañou os dentes
díxolles aos amos:
–Adiós, meus parentes!</p> <p><i>Ai, si, ...</i></p> |
|--|--|